



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura
Expediente: 2024000010342
Referencia: BINV-EA/2024

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS INVESTIGACIÓN 2024 – ÁREA DE ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia número 31449, do 26 de xullo de 2024, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas investigación 2024, na área de enxeñería e arquitectura e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fose o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido non se presentaron desistencias, nin alegacións ou emendas. Xa que logo, todas as solicitudes concedidas provisionalmente considéranse aceptadas.

Vistos os informes emitidos e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder definitivamente a bolsa á seguinte persoa:

Titular da bolsa:FRANCO FIGUEIRA, ALBERTO
NIF:***0712**
Expediente: 2024000018144
Título do proxecto : Reforzo con FRP de vigas a cortante e estudo de efecto tamaño.
Importe da bolsa: 10.000 €

Segundo.- Dispor o gasto da bolsa concedida con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, fase A, operación número 220240009097 por importe de 10.000,00 €.

A bolsa que quedou deserta nesta área foi asignada á área de ciencias sociais xurídicas e estudos de xénero, polo que é necesario realizar as operacións contables necesarias, anulando os documentos contables “RC” número 220240006067 por importe de 10.000 € e “A” número 220240009097 por importe de 10.000 €, deixando o crédito dispoñible na aplicación 0612/3262/481

Terceiro.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.